



SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL

1973-1998 25 anos estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Apartado 330
15780 Santiago de Compostela
Teléfono: (981) 58 44 26 (24 h)

Ó abeiro do período de información pública do "Proxecto para a defensa de avenidas no río Sar en Padrón", a Sociedade Galega de Historia Natural fai constar as seguintes alegacións:

1. A rectificación e canalización dos cursos de auga é de cotío "xustificada" oficialmente polos obxectivos de saneamento do terreo e o control das inundacións. Estas foron tamén as razóns esgrimidas para a canalización a grande escala dos ríos e a drenaxe das súas áreas inundables escomenzadas no século pasado e que hoxendía están desacreditadas:
 - Nos últimos 65 anos, os USA gastaron máis de 3 billóns de pesetas en obras hidráulicas pra controlar as inundacións provocadas polo río Missouri. O proxecto, que anegou algunhas das millores zonas agrícolas e ecolóxicas, non impedíu que os danos económicos seguisen a aumentar a un ritmo do 7% anual descontada xa a inflación. No ano 1993 as inundacións provocaron 50 mortos, deixaron sen fogar a 70.000 persoas, provocaron perdas dun billón e medio de pesetas e danaron as dúas terceiras partes das obras hidráulicas (McCully, 1993).
 - Os controles estruturais por medio de obras hidráulicas reducen a frecuencia das inundacións, pero agravan os seus efectos porque constrinxindo o río e rectificando o seu curso aumenta a velocidade das augas e a altura das crecidas, que ademais deixan de ser graduais para ser súbitas; a capacidade destructiva, agravada tamén porque a xente confíase e coloniza zonas de maior risco, véese así aumentada (McCully, 1993).
 - As inundacións non son necesariamente un enemigo da humanidade pois fertilizan as terras chás e depuran as augas que logo recargan os acuíferos soterráneos. Por todas estas razóns, a conservación e recuperación das zonas inundables do Rhin como reservas biolóxicas e bioxenéticas de grande interese estése a levar a cabo dende 1989 en Francia e Alemania, cunhas inversións que acadan máis de 67.000 millóns de pesetas só no estado de Baden-Wurtemberg (Schnitzler-Lenoble e Carbiener, 1993).
 - No cantón suízo de Zurich, a Dirección de Traballos Públicos considerou que "non hai que resignarse a deixar os ríos que foron encauzados, estreitados ou convertidos en desaugadoiros neste estado antinatural" e por elo estableceu un plan de restauración de 560 km de ríos que foi aprobado polo Parlamento do cantón e financiado con 1.800 millóns de pesetas entre 1989 e 1993 (Göldi, 1991).
 - Na Limia, a desecación da Lagoa de Antela foi seguida pola rectificación e canalización dos cursos de auga, ata os máis pequenos regatos. Estas medidas non conseguiron erradicar as inundacións periódicas da depresión limián pero agravaron extraordinariamente as secas estivais, ata o extremo de que no ano 1996 houbo unhas fortes inundacións en xaneiro-febreiro e a finais de maio os labregos xa tiñan que regar as patacas.
 - O desastre de Biescas está aínda tan fresco na memoria colectiva que non debiera ser preciso nin mencionalo.
2. Aínda no caso (desaconllorado polo devandito) de facer o encauzamento do Sar, o proxecto de nivela-lo terreo co excedente das terras obtidas da excavación do novo canle, recheando ós actuais meandros do río Sar, é unha barbaridade:
 - Ecolóxica: o actual cauce do Sar deberíase conservar cun nivel natural de auga e coa vexetación acuática e ribeireña como refuxio de flora e fauna.
 - Técnica: facer un cauce rectilíneo artificial e rechea-lo natural é exactamente o que se fixo en Biescas e as consecuencias lamentaranse durante anos.

En Santiago a 23 de Decembro de 1996
O Secretario,

Visto e prace o Presidente